

ARQUITECTURA ROMÁNICA

CATEDRAL DE SANTIAGO

Clasificación:

Nome: Catedral de Santiago

Data: Finais S. XI, principios S. XII (Comezada no 1075 e consagrada en 1211)



Estilo: Románico pleno

Mestres: Bernardo “o vello”, Roberto, Esteban, Bernardo “o Mozo” e Mateo

Promoven as obras os bispos: Diego Peláez e Diego Xelmírez

Material: pedra.

Función: Templo que alberga os restos do apóstolo Santiago. Final do camiño de peregrinación



A Catedral de Santiago constrúese entre o fin do século XI e finais do século XII


Foi comezada polo mestre Bernardo o Vello e o mestre Roberto con 50 canteiros franceses, continuada polo mestre Estebo, por Bernardo o Mozo, e o Mestre Mateo, que responden ao tipo de mestres itinerantes que percorren os diferentes espazos en busca de traballo e por iso toman influencias variadas para reflectilas na súa obra. A pesar de coñecer o nome dos artistas, naquel tempo concedíase máis importancia a quen encargaba a obra que era o que establecía o programa construtivo a seguir. Por outra banda na catedral faise mención a Santa Foy de Conques, igrexa francesa, e é que se especula coa orixe franca dos mestres que constrúen Santiago, aínda que para algúns investigadores non son os modelos franceses os puntos de referencia senón ao revés, é Santiago o modelo.

1075-1088. Construcción da cabeceira promovida polo bispo Diego Peláez.

Púxose a primeira pedra sobre os restos dunha basílica anterior (que mandara construír Alfonso III para acoller o sepulcro do Apóstolo e destruída por Almanzor).

Esta fase constructiva corresponde tan só a construción das tres capelas centrais da xirola (capela do Salvador, capela de San Juan e capela de San Pedro)


Según o *Códice Calixtino*, os mestres encargados das obras da catedral compostelana foron **Bernardo o Vello e Roberto**



Problemas de tipo relixioso e político levan ao rei Álfonso VI a retirarlle a confianza a Diego Peláez e parálanse as obras

1094-1101.

Esta fase constructiva corresponde á decoración dos tramos rectos da xirola (capelas de Santa Fe e San Andrés) e parte do cruceiro (capelas de San Nicolás, Santa Cruz, San Martín e San Juan Bautista). Foi efectuada por un taller navarro-aragonés, posiblemente dirixido polo **mestre Esteban**, ao fronte das obras



1101-1122. O bispo Diego Xelmírez e as dúas portadas do cruceiro: Francixena e Praterías.

Con Diego Xelmírez termina o proceso constructivo: Cruceiro e primeiros tramos das naves, **Bernardo o Xoven** e o mestre **Esteban**. O **Mestre Mateo** termina as naves e constrúe a Cripta –mal chamada Catedral Vella) e o Pórtico da Gloria. **o conxunto foi finalizado no ano 1188**, aínda que ata 1211 non se darían por rematadas todas as obras e se procedería á súa solemne consagración.

Naqueles tempos Santiago era un señorío eclesiástico no que o bispo Diego Xelmírez, auténtico señor feudal, organizará un espazo urbano ao redor da catedral, facéndose eco da opulencia da mesma en función da afluencia de peregrinos e a meta do camiño. Santiago obedece, a un modelo de cidade propia do momento porque: concentra poboación, serve de espazo acolledor dos peregrinos, é un espazo sacro, alí atópase o sepulcro do apóstolo Santiago.


Planta

Edificio de **planta de cruz latina**, cun cruceiro desenvolvido que responde á representación do corpo de Cristo crucificado en arquitectura: *a ábsida e tramo recto son a cabeza, o transepto os brazos, as naves o resto do corpo e o nártice os pés.*

A planta presenta división en tres naves, tanto no corpo como no **transepto**, á vez que estas se prolongan pola ábsida xerando o **deambulatorio** ou a **xirola**.


A cabeceira resólvese cun deambulatorio ou xirola ao que se abren **capelas radiais** de planta poligonal e semicircular, destacando a central de perímetro recto.. As capelas da xirola se estenden tamén aos brazos do transepto. O modelo está inspirado en San Martín de Tours, San Marcial de Limoges, Santa Foy de Conques e San Sernin de Toulouse.

Baixo o presbiterio atópase a **cripta**, o sepulcro do apóstolo Santiago. Aos pés da planta constrúese un nártex entre dúas torres prismáticas que non se conservan pois a fachada actual é de estilo barroco.




Simbolismo da planta: ademáis da tradicional simboloxía das iglesias con planta de cruz, se aprecia unha intención simbólica na advocación das capelas, adicadas aos grandes santos europeos, de modo que os peregrinos atopaban unha reprodución alegórica do camiño e dos grandes santuarios europeos.


A Catedral de Santiago é a culminación dos ensaios repetidos varios veces en Francia e resoltos agora case ao mesmo tempo, en San Saturnino e Santiago (similares en tamaño e forma), aos que se unen Santa Fé de Conques e as desaparecidas San Martin de Tours e San Martial de Limoges.



Santa Fe de Conques



As 4 igrexas francesas e Santiago, malia pertencer a países distintos e de estar moi distantes entre si, teñen formas arquitectónicas moi semellantes e comparten a mesma denominación de "IGREXAS DE PEREGRINACIÓN" por estar concibidas para albergar a grandes masas de fieis.



San Saturnino de Tolosa

De cruz latina e de peregrinación

Ten xirola, 4 absidiolas e 5 capelas radiais.

A central é cadrada

Tres naves no eixe principal

Tres naves no transepto

Azabachería

Puerta de Platerías

PÓRTICO AOS PÉS

CATRO PORTAS DE ACCESO

Porta Santa (só se abre cando é ano Santo)


Praterías (Románica)

Acibechería (S. XVIII-XIX)


Obradoiro (S. XVIII). Fachada pantalla que oculta o Pórtico da Gloria


Pórtico de la Gloria

Fachada del Obradoiro



Alzado






Os elementos sustentantes son os piares aos que se encostan columnas adquirindo un carácter composto. Estes piares manteñen unha sensación de robustez e solidez, son o sostén do edificio.

- Piares cruciformes, con columnas adosadas (alternan a base circular e cadrada) que reciben o empurre das bóvedas a través dos arcos formeiros e faixóns
- Arcos formeiros
 - Arcos de medio punto dobrados e peraltados
- Tribuna con arcos xeminados
- Arcos faixóns
- No exterior os muros van reforzados con contrafortes

Arcos faixóns



Arcos formeiros


Piares

Tribuna



La estructura se apoya sobre pilares, alternativamente circulares y cuadrados sobre plintos de la misma forma, con columnas adosadas en todas sus caras; la columna que queda en el lado de la nave central sube hasta el arranque de los arcos fajones de las bóvedas y se constituye en elemento divisorio de los diferentes tramos.

arcos de medio punto peraltados,
entendendo por estes aqueles arcos
cuxa frecha é maior que a semiluz,
permitindo gañar altura



Cubertas: **bóveda de medio canón** reforzada con arcos faixóns na nave central, tanto na nave lonxitudinal como na central co cruceiro



As naves laterais teñen **bóveda de aresta**, xerada pola intersección de dúas bóvedas de medio canón, separadas polos tramos dos arcos faixóns.

A xirola se cubre con **bóvedas de aresta curvilínea** nos seus sete tramos trapezoidais



No cruceiro óptase por **cúpula sobre trompas** que permite o paso do espazo cadrado ao octogonal.



Na tribuna se utiliza unha cuberta de $\frac{1}{4}$ de esfera, que non solo pecha o espacio, senón que tamén ten a función de transmitir os empurres da cuberta ao muro perimetral.

Similar cuberta presentan os absidiolos.

Santiago de Compostela



San Saturnino de Tolosa

ESPAZO INTERIOR

Resalta a **harmonía constructiva**, cunha perfecta correlación matemática entre todos e cada un dos seus elementos.

Malia levantarse en catro fases ben diferenciadas, o edificio presenta unha grande unidade estilística, xa que, a simple vista non se aprecian diferencias no seu interior. Isto débese a que a catedral se fai xa coas características plenamente asumidas.

O **espazo interior** organízase en tres naves, dúas laterais e a central que é máis ancha (8 m.) e alta (22 m.) cas laterais.

Esbellez: pola altura que adquiren as naves en relación coa súa anchura (superan a relación 2:1 habitual no románico, chegando case a acadar a de 3:1).





Sobre as naves laterais desenvólvese a TRIBUNA, elevada e profunda, con vans en ambos lados do pasillo que, no lado da nave central, se abren en arcos xeminados, apoiados en columnas dobres, convertíndoa nun singular corpo de luz en contraste coa penumbra da nave central.

A **funcionalidade** destas galerías é múltiple porque podía acoller aos peregrinos que facían noite no templo e á vez a vixilia nocturna do sepulcro. Así mesmo, críase que era o lugar preferido polo bispo para asistir ao culto desde as súas dependencias sen baixar á igrexa xa que esta tribuna esténdese pola xirola e comunicaba coas dependencias privadas daquel -palacio episcopal

A **iluminación do interior é un dos logros de Santiago**: os vans dos muros das naves laterais, a través da tribuna se ilumina a nave central, a torre lanterna do cruceiro ilumina a nave e a ábsida e as absidiolas teñen vans nos muros.



Todo o edificio constrúese con cantarías, símbolo da perfección.

A Monumentalidade se manifesta : na harmonía de volumes, na verticalidade das torres, na proporcionalidade entre todos e cada un dos seus elementos, na sobriedade e na elegancia.



O edificio sufrirá grandes modificacións no seu exterior en época barroca, quedando oculta a súa fábrica románica, **cegando as ventás das naves laterais e das tribunas** e eliminando a iluminación directa orixinal.

Manténdose só a fachada de Praterías como a única románica.

No interior, aínda que sufríu modificacións conserva a *impronta románica*. A ábsida verá cambiar o seu aspecto pola **inclusión dun enorme baldaquino, así como os órganos da nave central**, que farán desmontar o coro pétreo realizado polo mestre Mateo





CONCLUSIÓN: Claramente inspirada nos grandes santuarios de peregrinación, é tamen o compendio de experiencias constructivas precedentes, e está considerada a obra cumio da arquitectura románica española.

*** A catedral de Santiago pode entenderse a partir dun conxunto de influencias:**

Recolle solucións prerrománicas:

Mediante o emprego de contrafortes exteriores
Tendencia á ferradura de moitos arcos.
Peralte dos arcos de medio punto.
Absidiola central cadrada.

Románico español: San Isidoro de León, emprego da bóveda de medio canón na nave central e aresta nas laterais.

Románico francés: a xirala, a tribuna, a prolongación das naves no cruceiro

Islam: os arcos polilobulados da Porta das Praterías e da capela maior

*** Tamén o conxunto arquitectónico achegou solucións interesantes entre as que se atopan:**

a- as proporcións: a nave central de dez metros e as laterais de cinco metros; a distancia entre o tramo central do cruceiro e o primeiro tramo da nave central é a mesma ca do transepto.

b- a esbeltez

c- a funcionalidade en clara relación co fenómeno das peregrinacións

d- a iluminación do interior